



**DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.**

**CERTIFICA.:**

**Que a Xunta de Goberno na súa sesión de data vintecinco de outubro do dous mil  
dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo.:**

**ADXUDICACIÓN OBRA : SENDA PEONIL NO RIO MANESES.**

Visto que por parte do Sr. Alcalde se manifesta a necesidade de realizar a contratación das obras consistentes en SENDA PEONIL NO RIO MANESES, debido ó estado que presenta eo convenio asinado en data 11 agosto 2017 coa Axencia de Turismo de Galicia, polo que se concede ó Concello unha subvención de 36.547,37 €, dun total de 48.729,82 €.-

Visto que, dada a característica da obra polo Sr. Alcalde se alega que o procedemento máis adecuado é o procedemento de obra menor (con petición de ofertas a tres empresas), dado o importe das obras – 48.729,82 euros (40.272,58 € mais ive de 8.457,24 €).

Visto o convenio asinado coa Axencia de Turismo de Galicia, en data 11-08-2017, con entrada neste Concello en data 31-08-2017 n.º rexistro 561, mediante o cal se lle concede ó Concello de Campo Lameiro unha subvención polo importe de 36.547,37 €, polo que a aportación de fondos propios do Concello ascende á cantidade de 12.182,45 €.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, no sentido de recabar presuposto alomenos a tres empresas, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda e no artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Visto que se recabaron ofertas de tres empresas, a saber.:

\*Caldevergazo s.l.

\*Construcións Lemoso Martínez s.l.

\*Oresa s.l.

Visto certificación de secretaria sobre que se presentaron as tres empresas invitadas.

Visto o informe da Asistencia Técnica Municipal sobre valoración das ofertas presentadas.

Visto o informe de secretaria no que se reflexa que non constan no expediente a autorización preceptiva de Augas de Galicia para execución da obra, así como a xustificación das cesións de terreos privados afectados pola obra, con acreditación dos titulares dos mesmos, facendo constar expresamente a responsabilidade dos membros da Xunta de Goberno na adopción do acordo de adxudicación da obra ao non atermos aos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo.

Visto que polo Sr. Alcalde se xustifica que si existe unha constancia verbal, aínda que non escrita, da autorización do Organismo Augas de Galicia ás obras, así como que se ten



## CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro  
P-3600700-C

asinados documentos de cesión de uso de terreos por parte dos propietarios, aínda que non se aporte documentación acreditativa da titularidade, xa que se está a recabar toda esta documentación aos seus propietarios.

E que ante a urxencia para xustificar en prazo a obra, antes do 15 de novembro de 2017, é p'rciso adxudicar o mais asiña posible a obra, propoñendo aos concelleiros/as a adopción do acordo de adxudicación.

E así, Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.-Adxudicar as obras de SENDA PEONIL NO RIO MANESES á empresa CALDEVERGAZO S.L., por ser a oferta mellor valorada segundo informe da Asistencia Técnica Municipal, polo importe de 48.729,82 € (mais melloras en obra, a saber.:

1 Ud. Tratamento con lasur, valorado en 50,00 €

1 Ud. Sinalización adicional sobre balizas de madeira, valorada en 74,79 €

1 Ud. Colocación dun panel interpretativo adicional, valorado en 234,98 €

1 Ud. Tratamento e eliminación de acacias, valorado en 50,00 €.

Consta no expediente convenio asinado entre este Concello e mais a Axencia de Turismo de Galicia en data 11-08-2017, medianta o cal se subvenciona a obra co importe de 36.547,37 €, facéndose cargo o Concello do importe de 12.182.45 € a través dos seus fondos propios.

SEGUNDO.-O Contratista adxudicatario deberá presentar tódala documentación que consta nos pregos de condicións administrativas (xa que a documentación administrativa foi presentada mediante unha declaración xurada).

TERCEIRO.- Antes da sinatura do contrato deberá a empresa depositar aval polo importe do 5% da adxudicación do contrato.

CUARTO.: A empresa adxudicataria faráse cargo da taxa polos servizos facultativos que se presten na obra, segundo a ordenanza aprobada polo Concello.

QUINTO.-PLAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.-

As obras deberán estar executadas e xustificadas antes do día 13 novembro do 2017.

SEXTO.-Deberá en todo momento cumprir co estipulado nos pregos de condicións administrativas da obra, que formarán parte do contrato.

SEPTIMO.- Unha vez realizada a obra, incorpórese a certificación-factura e tramítese o pago si procede.

OITAVO.- Notifíquese esta resolución ao adxudicatario no prazo mais breve posible, así como ó resto das empresas participantes na licitación.

E para que así conste, e notificar á empresa adxudicataria, asino a presente co visto e prace do Sr. Alcalde en **Campo Lameiro 25 de outubro de 2017.**

A secretaria

  
Mercedes González Budiño



Vº e Prace  
O alcalde

  
Julio G. Sayáns Bugallo